



A Coruña, a 09 de novembro de 2023.

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ASUNTO:ACTA N°2 TEMP 2023-2024.

Equipos participantes: R.C.N. Vigo - C.W.Lugo.

Competición:Liga Galega Waterpolo División Honra Masculina.

Data de celebración:26/10/2023.

FEITOS

. O día 3 de novembro foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos arbitros do encontro no que se recolle:

"No minuto 03:08 do último período amósaselle tarxeta vermella ao delegado do equipo visitante, D. X. Moreno Domingo (nº. lic. 1008091) por protestar reiteradamente decisións arbitrais. Ao rematar o encontro descúlpase cos árbitros."

- O mesmo día 3 deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

CONSIDERANDO

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos como infracción leve do art.7. I.1.a.
- Atenuante de arrepentimento espontáneo do artigo 11 a).

RESOLVE

- Sancionar a D. X. Moreno Domingo con número de licenza 1008091 delegado do C.W. Lugo cat. División de Honra Masculina con amoestación nesta categoría(art. 9.III.a).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco.
Comité de Competición da FEGAN.